

AGÍS VILLAVERDE, Marcelino (2019): *Anatomía do pensar. O discurso filosófico e a súa interpretación. Vol. 1. O discurso filosófico*. Vigo: Galaxia, 639 pp.

Marcelino Agís Villaverde (Raxó-Poio, 1963) é catedrático de filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente é decano da Facultade de Filosofía desa mesma Universidade. Pode ser considerado coma un dos meirandes coñecedores da obra filosófica de Paul Ricoeur con quen tivo a oportunidade de desenvolver estudos de posgrao en París e Chicago. É un dos principais filósofos galegos e tamén un reputado hermeneuta no contexto Iberoamericano.

A obra que temos nas nosas mans obtivo o premio Concepción Arenal de Investigación en Humanidades promovido pola Universidade de A Coruña, na edición do 2016. Por outra banda, convén ter presente que o ensaio filosófico en lingua galega non é algo doado de atopar. Ao noso entender son escasos o traballos publicados nesta disciplina, máis, se cabe, no relativo a textos con fondura e de enorme nivel coma o que temos diante de nós. Por mor diso, sempre nos temos que sentir cheos de orgullo cando topamos cunha obra coma a escrita polo profesor Agís Villaverde.

Anatomía do pensar é unha obra de difícil clasificación pola diversidade de aplicacións que se pode facer dela. O texto vai conducindo ao lector polos camiños da reflexión sobre aquilo que permite ao ser humano conectar a seu mundo interior (subxectividade) co real (obxectividade). Amósanse na obra elementos propios dunha obra de filosofía tradicional, inda que tamén se asemellan ás veces a un texto de historia da filosofía, mais tamén presenta interesantes elementos para ser considerado coma un traballo metodolóxico. Aínda máis, contén compoñente da antropoloxía filosófica e da filosofía da linguaxe. Posiblemente iso é debido ao feito de estar centrado no discurso, na linguaxe.

O diferentes elementos relativos á linguaxe, o discurso, a narración etc., lonxe de seres condicionantes da humanidade, son un dos

piases ontolóxicos do propio ser humano. É impensábel considerar á humanidade sen linguaxe e comunicación. O *Homo* é precisamente iso, *Homo*, por mor da utilización da linguaxe e pola mudanza do nicho social onde este se foi desenvolvendo (Laland, 2017). De facto, ese aspecto converteuse nun dos eidos de investigación máis relevante do noso tempo. A socioloxía, a filosofía, a comunicación, a economía e incluso a menciña e a enfermía téñense ocupado do discurso ou das narracións como elementos de obtención de información epistémica.

Marcelino Agís asume o reto e fai un percorrido polo pensamento filosófico máis destacado sobre a linguaxe, a hermenéutica, o discurso, etc. Un complexo percorrido polas diferentes perspectivas tradicionais e actuais sobre a análise filosófica do discurso e máis concretamente do discurso filosófico. Os traballos de Platón, Searle, Wright, Perelman ou Peirce son amosados en liñas converxentes para estruturaren un pensamento filosófico sobre o discurso actualizado. Neste punto o catedrático de filosofía da Universidade de Santiago semella que opta, en certo xeito, por certo grao de integraciónismo. Porén, mostra especial interese polos traballos de Paul Ricoeur, quen ocupa un lugar preponderante no seu traballo. Isto ten moita lóxica ao ser, o profesor Agís, un dos meirandes especialistas internacionais no pensamento deste prestixioso pensador francés.

Neste punto a obra detalla con solvencia a claridade expositiva o concepto ricoeuriano de *mimesis* nas súas tres fases: a previa á composición do texto, a *mimesis-creación* e a fase creativa de dinámica. Agora ben, o texto tamén se asenta no estudo da influencia dos factores cotiáns do texto que foron estudados polo propio filósofo francés, polo noso pensador e tamén por outros representantes da escola compostelá de hermenéutica (Agís, 2015) coma o filósofo Carlos Baliñas.

Resulta especialmente interesante a idea de que o discurso (o filosófico e o non filosófico) xera un mundo especial ao seu redor. Este mundo é diferente do mundo do real, o cal se refai na interpretación que del se chega a desenvolver polo interpretante. Por mor diso, o texto conduce ao lector cara ao sentido e á comprensión. É dicir, cara á hermenéutica ou, se cadra, cara á interpretación.

Semella que o noso catedrático se atopa relativamente ao carón de Habermas (2018) na súa *Teoría da acción comunicativa*. Porén Agís, ao chantar os seus alicerces no pensamento de Ricoeur, estrutura un pensamento da comprensión do sentido do texto filosófico. Por mor diso, a obra que temos nas nosas mans supera con moito o traballo estritamente filosófico e amosa unha grande utilidade para outras disciplinas coma a socioloxía. Persoalmente, desexo que o autor siga por esta vía entre a socioloxía e a filosofía.

Tamén resulta moi interesante a aproximación que o autor fai ao diálogo como hospitalidade lingüística. Unha ferramenta de interese para os científicos do eido das ciencias do coitado e da saúde. O diálogo, a hermenéutica, a narración operan coma dispositivos metodolóxicos e, por outra banda, incluso coma ferramentas para sandar.

En definitiva, temos ante nós un traballo complexo, cheo de matices e de grande interese para moitos estudosos do discurso. O profesor Marcelino Agís Villaverde escribe unha das meirandes obras de interese académico que tivemos a sorte de ler. Agardamos que o filósofo siga traballando e complementando as innumerábeis sendas que amosa neste impresionante traballo.

Referencias bibliográficas

- Agís Villaverde, Marcelino (2015): “La presencia eficaz de P. Ricoeur. La escuela hermenéutica compostelana”, en J. M^a Gómez Heras e M^a Martín Gómez (eds.), *Comprender e interpretar. La recepción de la filosofía hermenéutica en la España democrática (1960-2010)*. Astorga: CSED / Universidad Rey Juan Carlos, pp. 67-92.
- Habermas, Jürgen (2018): *Teoría de la acción comunicativa*. Madrid: Trotta.
- Laland, Kevin N. (2017): *Darwin's unfinished symphony. How culture made the human mind*. Princeton / Oxford: Princeton University Press.

Juan R. Coca
 Universidad de Valladolid
 juancoca@soc.uva.es